



Concello de FRADES

Cimadevila, 10

15686.- FRADES. (A Conña)

Teléfono: 981 - 69 55 67 y 981 - 69 56 63 Fax: 981 - 69 55 79

E-Mail: correo@fradesdiaruna.es

SESION PLENARIA ORDINARIA

Día venres 9 de xuño de 2017,

No SALÓN DE PLENOS DO CONCELLO DE FRADES, cando son as 14:10 horas do día venres 9 de xuño de 2017, a fin de celebrar Sesión Ordinaria convocada previamente para este día, reúnen os seguintes concelleiros/as:

D^a. María Ángeles Álvarez Carro, D. Jesús Miguel Prado Cea, D. Jesús Francos Sánchez, D. Ramón Garabato Boga, D. Óscar Botana Rúa, D. Manuel Ferreiro Marzoa, D. Juan Carlos Portos Bra, D. José María Pérez Lagos;

Coa ausencia de D^a. Nelly Iglesias Rey e D^a Lorena Suárez Pardo;

Baixo a Presidencia de D. Roberto Rey Martínez como Alcalde- Presidente, e coa asistencia da Secretaria-Interventora do Concello Carmen Gómez Otero.

ORDE DO DÍA.

1.- APROBACIÓN DA ACTA DA SESIÓN ANTERIOR.-

Coñecida polos/as asistentes, a través de fotocopias repartidas coa convocatoria, a acta da sesión extraordinaria do Pleno celebrada o día 29 de marzo de 2017.

De conformidade co disposto no artigo 91.1 do Real Decreto 2568/1989, do 28 de novembro, polo que se aproba o Regulamento de organización, funcionamento e réxime xurídico das entidades locais, pregunta o Sr. Alcalde se algún membro da corporación quere formular algunha observación á mesma. Non se formulan observacións, polo que o Pleno, por unanimidade ACORDOU:

ÚNICO.- Aprobar a acta da sesión extraordinaria do Pleno celebrada o día 29 de marzo de 2017.

2.- DACIÓN EN CONTA DOS DECRETOS DA ALCALDÍA.-

Dáse conta dos decretos da Alcaldía dende o nº 62/2017 ata o nº 142/2017 en formato PDF do contido de cada un deles.



Concello de FRADES

Cimadevila, 10

15686.- FRADES. (A Conña)

Telefs: 981 - 69 55 67 y 981 - 69 56 63 Fax: 981 - 69 55 79

E-Mail: correo@fradesdiaruna.es

PROPOSTAS ORDINARIAS

PROPOSTA DA ALCALDÍA AO PLENO DA CORPORACIÓN

3.- ASUNTO: PROPOSTA DA ALCALDÍA DE APROBACIÓN DO PROXECTO DE OBRAS DENOMINADO "MELLORA DO FIRME E SEGURIDADE VIAL EN PAPUCÍN, VITRE E OUTROS".-

O Alcalde- Presidente procede a dar lectura á proposta da Alcaldía-Presidencia co teor literal seguinte:

<<Vista a necesidade xurdida no Municipio de levar a cabo as obras consistentes no "PROXECTO MELLORA DO FIRME E SEGURIDADE VIAL EN PAPUCÍN, VITRE E OUTROS".

Os obxectivos que se pretenden alcanzar coa redacción e posterior execución do PROXECTO DE MELLORA DO FIRME E SEGURIDADE VIAL EN PAPUCÍN, VITRE E OUTROS corresponden ao arranxo dos viais sitos nas seguintes parroquias do Concello de Frades:

MESOS
PAPUCÍN
ABELLÁ
GALEGOS
FRADES
VITRE
CÉLTIGOS
AÑÁ

Polo deterioro, consecuencia tanto das inclemencias meteorolóxicas como do desgaste ocasionado polo tráfico de vehículos así como a necesidade de obter accesos máis axeitados, que fan recomendable as actuacións previstas as cales redundarán en beneficio da seguridade e comodidade dos usuarios.

Logo de ver o Proxecto denominado "MELLORA DO FIRME E SEGURIDADE VIAL EN PAPUCÍN, VITRE E OUTROS", de data maio de 2017, redactado polo enxeñeiro de camiños Don Gilberto Rodríguez Rodríguez, colexiado nº 8467, cun orzamento de execución total de 241.950,14 euros.

Visto que con data 30-05-2017 (Ref CF-65.2017) emítese informe de secretaría sobre a Lexislación aplicable e o procedemento a seguir para a aprobación do proxecto.

Logo de ver o Informe técnico favorable da arquitecta municipal de data 31-5-2017 que sinala que



Concello de FRADES

Cimadevila, 10

15686.- FRADES (A Conña)

Telef: 981 - 69 55 67 y 981 - 69 56 63 Fax: 981 - 69 55 79

E-Mail: correo@fradesdiaruna.es

“(…) PRIMEIRO.- Este proxecto cumpe os requisitos legais esixidos no Testo Refundido da Lei de Contratos do Sector Público, e constitúe obra completa susceptible de ser entregado ó uso público sen prexuízo de posteriores ampliacións en proxectos independentes.

SEGUNDO.- En relación á dispoñibilidade dos terreos, tódalas pistas sobre as que se vai a actuar, están reflexadas nos planos de concentración parcelaria como pistas de titularidade municipal, polo tanto estarán dispoñibles para a execución das obras.

TERCEIRO.- As pistas que se van a mellorar son, en todo caso, de titularidade municipal, pero en varias ocasións discorren por terreos afectados por zonas de protección de patrimonio e protección de augas, polo tanto será necesario obter as seguintes autorizacións:

PATRIMONIO:

Pista 1: Galegos – O Prado (Papucín)

- Os Canedos (Mesos)
- Vistalegre (Galegos)

Pista 3A: Igrexa Papucín – Campoduro (Céltigos)

- Igrexa (Papucín)
- Cerca do campo de fútbol (Vitre)

Pista 3B: Estrada Santiago – Pontebrates (Añá)

- Zona de Monte (Céltigos)

Pista 4: A Pontebrates (Añá)

- Igrexa (Añá)

AUGAS:

Pista 1: Galegos – O Prado (Papucín)

- Cerca de Caboladrón (Mesos)
- Entre Reboredo e o campo de fútbol (Galegos)

Pista 2: Erimsa – Abellá

- Tañoi (Abellá)

Pista 3A: Igrexa Papucín – Campoduro (Céltigos)

- Cerca da Igrexa (Papucín)
- Cerca da Piscina (Papucín)



Concello de FRADES

Cimadevila, 10

15686- FRADES (A Conña)

Teléfono: 981 - 69 55 67 y 981 - 69 56 63 Fax: 981 - 69 55 79

E-Mail: correo@fradesdiaruna.es

- Os Currillos (Vitre)
- Campoduro (Céltigos)

Pista 3B: Estrada Santiago – Pontebrates (Añá)

- Añá de Meus (Añá)

Pista 4: A Pontebrates (Añá)

- Cerca de Igrexa (Añá)
- Pontebrates (Añá) (...)”

Examinada a documentación que a acompaña,

Logo de ver canto antecede, propoño ao Pleno da Corporación a adopción do seguinte ACORDO:

PRIMEIRO. Aprobar o proxecto de obras denominado denominado “MELLORA DO FIRME E SEGURIDADE VIAL EN PAPUCÍN, VITRE E OUTROS”, de data maio de 2017, redactado polo enxeñeiro de camiños Don Gilberto Rodríguez Rodríguez, colexiado nº 8467, cun orzamento de execución total de 241.950,14 euros, condicionado ás autorizacións, ou Informes de Patrimonio e Augas de Galicia. En todo caso o Concello deberá adaptar o proxecto aos Informes sectoriais correspondentes.

SEGUNDO.- Solicitar as autorizacións correspondentes sinaladas no Informe técnico municipal a Patrimonio e a Augas de Galicia.>>

O Alcalde- Presidente explica que se trata de limpeza de cunetas, bacheo, aglomerado, pintado de liñas, sinalización horizontal e vertical...

A continuación concede a palabra ao concelleiro do grupo municipal do BNG, Don José María Pérez Lagos que intervéñen para dicir que os traballos das estradas do POS e PAS foron bos, pero quedaron estreitas, e consecuentemente cando chegue a siladura do millo se pasan os tractores van a estropear as pistas.

O Alcalde- Presidente explica que as taxearas que marcan a anchura da pista quedaron moi estreitas despois da concentración parcelaria. A anchura xa está ao límite.

Realizadas as anteriores consideracións e tralas deliberacións oportunas, o Pleno acorda por unanimidade aprobar a proposta da Alcaldía- Presidencia nos seus mesmos termos.

Votacións:

Votos a favor: 9

1 BNG



Concello de FRADES

Cimadevila, 10

15686.- FRADES (A Conña)

Teléfono: 981 - 69 55 67 y 981 - 69 56 63 Fax: 981 - 69 55 79

E-Mail: correo@fradesdiaruna.es

8 PP

Votos en contra: 0

Abstencións: 0

PROPOSTA DA ALCALDÍA AO PLENO DA CORPORACIÓN

4.- ASUNTO: PROPOSTA DA ALCALDÍA DE APROBACIÓN DO EXPEDIENTE DE CONTRATACIÓN DA OBRA CONSISTENTE EN "MELLORA DO FIRME E SEGURIDADE VIAL EN PAPUCÍN, VITRE E OUTROS".-

O Alcalde- Presidente procede a dar lectura á proposta da Alcaldía-Presidencia co teor literal seguinte:

<<Vista a necesidade deste concello de realizar as obras de “MELLORA DO FIRME E SEGURIDADE VIAL EN PAPUCÍN, VITRE E OUTROS”

Os obxectivos que se pretenden alcanzar coa redacción e posterior execución do PROXECTO DE MELLORA DO FIRME E SEGURIDADE VIAL EN PAPUCÍN, VITRE E OUTROS corresponden ao arranxo dos viais sitos nas seguintes parroquias do Concello de Frades:

MESOS
PAPUCÍN
ABELLÁ
GALEGOS
FRADES
VITRE
CÉLTIGOS
AÑÁ

Polo deterioro, consecuencia tanto das inclemencias meteorolóxicas como do desgaste ocasionado polo tráfico de vehículos así como a necesidade de obter accesos máis axeitados, que fan recomendable as actuacións previstas as cales redundarán en beneficio da seguridade e comodidade dos usuarios.

Esta necesidade está prevista nos Orzamentos de 2017, cun orzamento de 241.950,14 euros, con cargo á aplicación orzamentaria 2017_1532. 619- Proxecto de gasto: 2017-4-MFESV-3.

Logo de ver o Proxecto denominado “MELLORA DO FIRME E SEGURIDADE VIAL EN PAPUCÍN, VITRE E OUTROS”, de data maio de 2017, redactado polo enxeñeiro de camiños Don Gilberto Rodríguez Rodríguez, colexiado nº 8467, cun orzamento de execución total de 241.950,14 euros a aprobar no pleno ordinario de 9 de xuño de 2017.



Concello de FRADES

Cimadevila, 10

15686- FRADES (A Conña)

Teléfono: 981 - 69 55 67 y 981 - 69 56 63 Fax: 981 - 69 55 79

E-Mail: correo@fradesdiaruna.es

Visto que este Concello non conta con medios materiais nin persoais para acometer esta obra. Dada a característica do contrato, decidiuse pola Alcaldía que o procedemento máis axeitado é o procedemento negociado sen publicidade, con invitación a cinco empresas capacitadas, para asegurar unha maior publicidade e transparencia, e varios criterios de adxudicación.

Someterase á aprobación do pleno ordinario de data 9 de xuño de 2017, o proxecto de obras correspondente, efectuado o reformulo e existindo a dispoñibilidade dos terreos, incorporárase o mesmo a este expediente de contratación.

Visto que por Providencia de Alcaldía de data 05/06/2017, aprobouse iniciar o expediente para a contratación referenciada motivando a necesidade e idoneidade da contratación proposta.

Visto que con data 05/06/2017 (Ref CF-66.2017) emitíuse Informe de Intervención sobre a porcentaxe que supón a contratación en relación cos recursos ordinarios do orzamento vixente, aos efectos de determinar o órgano competente para contratar.

Visto que con data 05/06/2017 (Ref CF-67.2017) emitíuse Informe por Secretaría sobre a Lexislación aplicable e o procedemento a seguir e o órgano competente para aprobar e adxudicar o contrato.

Visto que con data 05/06/2017, redactouse o Prego de Cláusulas Administrativas Particulares e incorporáronse ao expediente o Prego de Cláusulas Administrativas Particulares e o Prego de Prescricións Técnicas (que forman parte do proxecto) que han de rexer a adxudicación do contrato.

Visto que con data 05/06/2017 realizouse polo Interventor a retención de crédito oportuna, e con data 06/06/2017 (Ref. CF-68.2017) emitíuse Informe de fiscalización.

Examinada a documentación que a acompaña, vistos os informes de Secretaría e Intervención, e de conformidade co establecido no artigo 110 e a Disposición Adicional Segunda do Texto Refundido da Lei de Contratos do Sector Público aprobado polo Real Decreto Legislativo 3/2011 de 14 de novembro, **PROPOÑO AO PLENO DA CORPORACIÓN A ADOPCIÓN DO SEGUINTE ACORDO:**

PRIMEIRO. Aprobar o expediente de contratación mediante procedemento negociado sen publicidade, para a obra consistente en “MELLORA DO FIRME E SEGURIDADE VIAL EN PAPUCÍN, VITRE E OUTROS” EXPEDIENTE CO 2.2017, convocando a súa licitación.

SEGUNDO. Autorizar, en contía de 241.950,14 euros, o gasto que para este Concello representa a contratación das obras de “MELLORA DO FIRME E SEGURIDADE VIAL EN PAPUCÍN, VITRE E OUTROS” por procedemento negociado sen publicidade e invitación a cinco empresas capacitadas, con cargo á aplicación orzamentaria 2017-1532 619 (Proxecto de gasto 2017-4-MFESV-3) do estado de gastos do Orzamento Municipal deste Concello para o exercicio 2017.

TERCEIRO. Aprobar o Prego de Cláusulas Administrativas Particulares e o Prego de Prescricións Técnicas que rexerán o contrato de obras consistente en “MELLORA DO FIRME E



Concello de FRADES

Cimadevila, 10

15686.- FRADES (A Conña)

Teléfono: 981 - 69 55 67 y 981 - 69 56 63 Fax: 981 - 69 55 79

E-Mail: correo@fradesdiaruna.es

SEGURIDADE VIAL EN PAPUCÍN, VITRE E OUTROS”, por procedemento negociado sen publicidade no perfil e tramitación ordinaria, con invitación a cinco empresas capacitadas, e varios criterios de adxudicación.

CUARTO. Facultar á Alcaldía para que proceda a solicitar ofertas, as seguintes empresas capacitadas:

CONSTRUCCIONES LÓPEZ CAO S.L.
ARIAS HERMANOS CONSTRUCCIONES S.A.
CANARGA CONSTRUCCIONES S.L.
CONSTRUCCIONES PAN Y DÍAZ S.L.
CONSTRUCCIONES ROCHA CORRAL S.L.

As ofertas dos candidatos, que deberán axustarse ao previsto no prego de cláusulas administrativas particulares, implican a aceptación incondicionada do contido das condicións e presentaranse polos candidatos no prazo de cinco días naturais. Cada candidato non poderá presentar máis dunha oferta.

QUINTO. Aprobar a composición da Mesa de Contratación proposta por esta Alcaldía-Presidencia que será a seguinte:

Membros:

Presidente/a: O alcalde- Presidente

Vogais:

A Secretaria-Interventora municipal

A Arquitecta municipal

O concelleiro que teña atribuída a área de Facenda.

A funcionaria grupo E deste Concello.

Secretario/a:

A técnica de emprego local municipal

E publicala no Perfil de Contratante cunha antelación mínima de sete días con respecto á reunión que deba celebrarse para a cualificación da documentación referida no artigo 146.1 do Texto Refundido da Lei de Contratos do Sector Público, aprobado polo Real Decreto Lexislativo 3/2011, de 14 de novembro.>>>

Realizadas as anteriores consideracións e tralas deliberacións oportunas, o Pleno acorda por maioría absoluta aprobar a proposta da Alcaldía- Presidencia nos seus mesmos termos.

Votacións:

Votos a favor: 8

0 BNG

8 PP

Votos en contra: 0

Abstencións: 1



Concello de FRADES

Cimadevila, 10

15686.- FRADES. (A Conña)

Teléfono: 981 - 69 55 67 y 981 - 69 56 63 Fax: 981 - 69 55 79

E-Mail: correo@fradesdiaruna.es

1 BNG

0 PP

5.- DACIÓN EN CONTA DO DECRETO DA LIQUIDACIÓN DO EXERCICIO 2016.-

Polo Concelleiro de Facenda, Don Manuel Ferreiro Marzoa procédese a dar conta dos Decretos da Liquidación correspondentes ao exercicio 2016 nº 110/2017 e 136/2017.

A continuación procede a explicar que os números son positivos, e da as grazas pola colaboración, coordinación e traballo tanto á Intervención municipal como ao Alcalde.

<<Podemos dicir que cumprimos co obxectivo de estabilidade orzamentaria, cumprimos co Plan Económico- Financeiro e coa regra do gasto>>.

<< Tanto o remanente líquido de tesourería para gastos xerais como o resultado orzamentario son positivos. O remanente líquido de tesourería para gastos xerais ascende á contía de 91.862,92 euros o que nos permite estar ao día no pagamento das facturas. A media do período medio de pago do 2016 é de 4,24 días>>.

A continuación o Alcalde-Presidente sinala que o remanente non se pode gastar.

Intervén o concelleiro do grupo municipal do BNG, Don José María Pérez Lagos que afirma <<Tedes os cartos e non se poden gastar ¿Non se pode mandar unha queixa a través da FEGAMP e FEMP?>>.

O concelleiro de Facenda Don Manuel Ferreiro Marzoa afirma <<¿Que culpa temos nós de ser bos? >>, e a continuación o Alcalde- Presidente explica que hai Concellos que xeran cartos a través das partidas de persoal que á súa vez xera aforro e incrementa o remanente, e o mesmo non se pode gastar, non somos os únicos Concellos. Xa se enviaron queixas a través da FEGAMP e da FEMP.

6.- MOCIÓN.-

Non se presentaron mocións.

7.- INFORMES DA ALCALDÍA.-

1.- APERTURA DA PISCINA MUNICIPAL

Será o próximo día 23 de xuño de 2017.

O horario será o seguinte:

Luns a venres: de 15:30 h a 20:30 h

Sábados e domingos: de 13:30 a 20:30



Concello de FRADES

Cimadevila, 10

15686.- FRADES. (A Conuña)

Teléfono: 981 - 69 55 67 y 981 - 69 56 63 Fax: 981 - 69 55 79

E-Mail: correo@fradesdiaruna.es

Procederáse á apertura da piscina infantil e zona de paseo e descanso.

2.- ACTIVIDADES DE VERÁN

O Alcalde- Presidente procede a explicalas segundo o folleto entregado aos concelleiros/as.

3.- BONIFICACIÓN IBI PARA EXPLOTACIONES GANDEIRAS PARA O ANO 2018

Está aberto o prazo para a presentación de documentación tódolos martes ata o 1 de setembro de 2017.

4.- INFORMASE DAS DISTANCIAS MÍNIMAS PARA PRANTACIONES FORESTAIS

5.- PEIL DEPUTACIÓN DE A CORUÑA

Achega de 25.000,00 euros para o Concello de Frades.

Contrátanse a través da Oficina de Emprego 5 traballadores (1 tractorista e 4 peóns) durante 4 meses, 5 horas diarias;

Tres, me maio a setembro e dous, de agosto a novembro.

6.- O PRAZO PARA PRESENTAR AS SOLICITUDES DE AXUDAS PARA O ENSINO: MATERIAL ESCOLAR E TRANSPORTE É ATA O 21 DE XUÑO.

7.- O 12 DE XUÑO REMATA O PRAZO PARA PRESENTAR AS SOLICITUDES DE SUBVENCIONES A ENTIDADES CULTURAIS, DEPORTIVAS, DE VECIÑOS, DE MULLERES, AMPAS, ETC DO CONCELLO DE FRADES

8.- A PRÓXIMA SEMANA ASINARANSE OS CONVENIOS COAS COMISIONES DE FESTAS DO CONCELLO DE FRADES PARA COLABORAR CUNHA AXUDA MUNICIPAL IGUALITARIA A TÓDALAS PARROQUIAS DO CONCELLO PARA A REALIZACIÓN DAS FESTAS PATRONAIS (500 EUROS POR PARROQUIA).

9.- A MANCOMUNIDADE DE ORDES VAI A SOLICITAR A PARTICIPACIÓN DOS PROGRAMAS DE XUVENTUDE DA CONCELLERÍA DE POLÍTICA SOCIAL.

- Deseñando o teu futuro para xoves de entre 14 e 18 anos.
- Programa Galeuropa para xoves entre 16 e 30 anos para prácticas en países europeos con tódolos gastos pagos

10.- INFORMAR DOS DANOS E DESTROZOS OCASIONADOS NO MOBILIARIO MUNICIPAL

- Área Recreativa Municipal de Ponte Carballa: 4 bancos
- Sinalización vertical nas carreteras de Vitre, Céltigos e Añá (destrozos).



Concello de FRADES

Cimadevila, 10

15686.- FRADES. (A Conña)

Teléfono: 981 - 69 55 67 y 981 - 69 56 63 Fax: 981 - 69 55 79

E-Mail: correo@fradesdiaruna.es

8.- ROGOS E PREGUNTAS.-

O concelleiro do grupo municipal do BNG, Don José María Pérez Lagos pregunta quen é a Asociación Antonio Gandoy.

O Alcalde- Presidente contesta que é para Preescolar na casa. Subvenciónase a 25 familias (5 euros por neno/a).

Dado que non hai máis asuntos de que tratar na Sesión de hoxe, o Sr. Alcalde- Presidente levanta a sesión cando son as 14:48 horas, no lugar e data indicados, coa sinatura do Alcalde- Presidente e da Secretaria- Interventora que dá fe.

Vº. e Pr
O ALCALDE

A SECRETARIA

Asdo.: Roberto Rey Martínez

Asdo.: Carmen Gómez Otero.